


## ACONTECEMENTOS DO ANO

A redacción do Anuario Brigantino agradece a colaboración especial que para este apartado tivo por parte dos corresponsais locais de "La Voz de Galicia" e "El Ideal Gallego", D. Antonio Naya Salorio e D. Eusebio Tenreiro García.

Agradecemos así mesmo a colaboración gráfica de: Arume, Estudios Blanco, Faraldo, Fersal, Gabín, Novío, "La Voz de Galicia", "El Ideal Gallego", ...



FARALDO

*O compositor Don Carlos López-García.*

**3 de xaneiro de 1992**

Na Aula Municipal de Cultura tiveron lugar as "VIII Xornadas de Jazz", organizadas pola Delegación Municipal de Cultura e Deportes, e nas que actuou o grupo "Antonio Cal Jazz Quinteto".

**5 de xaneiro de 1992**

Como cada ano tivo lugar a tradicional Cabalgata de Reis, organizada pola Asociación de Veciños de Santa María-A Ribeira e a Escola-Taller do Concello de Betanzos.



Foto: Alfredo Erias

Don Antonio Cal Vázquez, "Purriños", a quen Betanzos debe boa parte do seu renacemento musical dos últimos anos.



**9 de xaneiro de 1992**

Rematan neste día, coa tradicional xornada de convivencia da Terceira Idade, os actos programados para as festas de Nadal e Aninovo pola Delegación Municipal de Cultura e Deportes, que contou coa colaboración das entidades culturais e deportivas de Betanzos.

**11-16 de xaneiro de 1992**

Con motivo da inauguración de parte das instalacións do Centro Betanzos de Bós Aires, desprazáronse nestes días á capital argentina o Presidente da Deputación Provincial, Don Salvador Fernández Moreda, e unha representación do Concello de Betanzos, composta polo Concelleiro e Deputado Provincial, Don Antonio Lagares Pérez e o Concelleiro de Emigración, Don Andrés Beade Dopico. Foron recibidos polos representantes da Federación de Sociedades Galegas e os directivos das entidades coruñesas.

#### 11 de xaneiro de 1992

Iniciáronse as obras para dotar de traída de auga ó medio rural brigantino, coa instalación dun depósito no lugar de Outeiro-Requián. Está previsto para unha segunda fase o abastecemento á zona de San Martín de Tiobre.

#### 14 de xaneiro de 1992

Os alumnos dos módulos de xardinaxe e medio ambiente da Escola Taller estiveron traballando estes días na recuperación do entorno natural brigantino. Centráronse as súas actuacións no Parque Municipal "Pablo Iglesias" e no adecentamento das marxes do río Mandeo.

#### 15 de xaneiro de 1992

Fixo as ledicias de grandes e pequenos o nacemento mecánico que se instalou na igrexa de Santo Domingo baixo a dirección de Don Manuel López Castro. Debido á gran afluencia de público que pasou a visitalo, permaneceu en funcionamento máis aló das propias Festas do Nadal.

#### 15 de xaneiro de 1992

Inaugurouse na Casa da Xuventude o V Certame de Artes Plásticas, nun acto presidido polo Delegado Provincial da Consellería de Cultura e Deportes da Xunta de Galicia, Don Inocencio Corrales Espiño, quen estivo acompañado polo Xefe do Servizo da área de Cultura, Don Esteban Rosa Romero. Este Certame está dirixido a xoves artistas galegos, establecéndose tres categorías de premios: pintura, escultura e debuxo.

#### 4 de febreiro de 1992

Na Sala Capitular do Concello fíxose a presentación do ciclo de conferencias "Aspectos varios do pasado brigantino", xa na súa cuarta edición. Están organizadas polo Instituto de Estudos Galegos "Padre Sarmiento" co patrocinio do Concello de Betanzos. O acto de presentación correu a cargo do membro da sección de Arqueoloxía e Prehistoria do propio Instituto e profesor da Facultade de Medicina de Santiago, Don Xosé Carro Otero, sendo presidido polo Alcalde Don Manuel Lagares Pérez. →

As conferencias leváronse a cabo do 11 ó 14 de febreiro no Edificio Arquivo, e contaron coa participación de Don Xosé Carro Otero; Don Alfredo Erias Martínez, Arqueiro-Bibliotecario do Concello de Betanzos e Director do Museo das Mariñas e do Anuario Brigantino; Don Anxo Rodríguez González, Director da sección de Historia do Instituto de Estudos Galegos, e D<sup>a</sup> Berta Vaquero Lastres, especialista en Historia Moderna.

#### 7 de febreiro de 1992

No Edificio Arquivo foi inaugurada a exposición "Betanzos, tempo e traza", con planos e fotografías dos monumentos máis significativos do municipio. Foi organizada polo Concello coa colaboración do Departamento de Representación e Teoría Arquitectónica da Universidade da Coruña, e da Escola Taller de Betanzos.

#### 15 de febreiro de 1992

Faleceu neste día Don José Noguerol Otero, quen fora Alcalde en funcións do Concello de Betanzos no 1940-42.





**11 de febreiro de 1992**

Na Sala Capitular do Concello tivo lugar unha recepción ó equipo de cadetes do Betanzos F.C. O acto foi presidido polo Alcalde, Don Manuel Lagares Pérez, a quen acompañaba o Delegado de Cultura e Deportes, Don Francisco Díaz Pereira.

**17 de febreiro de 1992**

Estudiantes de Formación Profesional cortaron o tráfico da N-VI á altura de Betanzos, reclamando da Consellería de Educación da Xunta de Galicia melloras nas instalacións do centro.

**19 a 22 de febreiro de 1992**

Celebrouse durante estes días na Casa da Xuventude o III Curso de Ornitoloxía, incluído dentro do Programa de Educación Medioambiental "Vive a Natureza", organizado pola Delegación Municipal de Cultura.

**20 de febreiro de 1992**

Nestes días levouse a cabo o traslado do Negociado de Urbanismo, que terá a súa nova ubicación no Edificio Arquivo, desconxestionando a tarefa administrativa municipal.

**22 de febreiro de 1992**

Despois de 34 anos de silencio, neste día reanudáronse os concertos da Banda Municipal, cunha actuación no palco da música da Praza do Campo. Estivo dirixida polo popular músico brigantino Don Antonio Cal Puriños.

**24 de febreiro de 1992**

Os alumnos de Formación Profesional concentráronse na Praza García Irmáns en protesta polas precarias instalacións do Centro. Posteriormente realizaron un corte de tráfico na N-VI.

**25 de febreiro de 1992**

Don Secundino José Fernández Alonso presentou a súa renuncia ó cargo de Concelleiro, que ostentaba polo grupo municipal socialista. Como mostra de gratitude pola labouira realizada mentres estivo ó fronte do seu cargo, foille imposta (o 28 dese mes) polo Alcalde, Don Manuel Lagares Pérez, a insignia de ouro da cidade. A vacante producida no goberno municipal foi ocupada por Don Justo Vázquez Miguez. →

**28 de febreiro de 1992**

O Presidente do Brigantium Don Francisco Casal, dimitiu do seu cargo na Asamblea de Socios.





**6 de marzo de 1992**

Tivo lugar unha visita institucional do Presidente da Deputación Provincial, Don Salvador Fernández Moreda, quen visitou co Alcalde, Don Manuel Lagares Pérez, e outras autoridades, diversas obras de colaboración entre as dúas institucións.

**8 de marzo de 1992**

Nun acto presidido polo Alcalde, Don Manuel Lagares Pérez, e ó que asistiron o Conselleiro de Sanidade Don José Manuel Romay Beccaría e o Delegado Provincial deste Departamento, Don Juan Antonio Maceiras Barros, e outras personalidades, inauguráronse as novas dependencias da Cruz Vermella na Praza de Alfonso IX.

**12 de marzo de 1992**

Con asistencia do Vicepresidente da Deputación Provincial da Coruña, Don Moisés Rey, do Tenente de Alcalde e Deputado Provincial, Don Antonio Lagares Pérez, do Deputado do Parlamento Autonómico e portavoz do Partido Popular Don Jaime Pita Varela, así como o responsable da área de Cultura da Deputación Don Manuel Regueiro e outras personalidades, foi inaugurada a exposición "O fin de Fisterra. Viaxe á Costa da Morte", fotografías orixinais de Xurxo Lobato e



*César Antonio Molina. Inaugurouse así mesmo unha exposición de esmaltes de D<sup>a</sup> Asunción Pérez Yáñez, D<sup>a</sup> Angeles Arijón do Porto, D<sup>a</sup> Maite Pereira e D<sup>a</sup> Carmen Puig Otero.  
19 de marzo de 1992*

*Disputouse un partido amistoso entre o Deportivo da Coruña e o Brigantium, co fin de recaudar fondos para o equipo brigantino. Acudiu numeroso público deixando en taquilla máis de un millón de pts. O resultado foi de 1-8 a favor dos coruñeses.*



**20 de marzo de 1992**

*Presentouse na Sala Capitular do Concello o libro "Espacio y vida en la ciudad gallega: Un enfoque antropológico", de varios autores, e dirixido por Don José A. Fernández de Rota y Monter, Catedrático de Antropoloxía Social da Universidade da Coruña. O libro foi editado polo Servicio de Publicacións da Universidade da Coruña, coa colaboración da Consellería de Cultura e do Concello de Betanzos. Fixo a presentación do libro Don Carmelo Lisón Tolosana, membro da Real Academia de Ciencias Morales e Políticas e Catedrático de Antropoloxía Social da Universidade Complutense de Madrid.*



**31 de marzo de 1992**

Tivo lugar no Concello unha recepción oficial ós membros de Protección Civil de Betanzos. Presidiu o acto o Alcalde, Don Manuel Lagares Pérez a quen acompañaban diversos concelleiros.

**1 de abril de 1992**

Nestes días estivo exposta ó público na Escola-Taller de Betanzos unha mostra de pinturas da brigantina D<sup>a</sup> Marina Pardo Manso.

**2 de abril de 1992**

A poboación de Betanzos secundou a xornada de folga xeral convocada para este día. As industrias e establecementos mantivéronse pechados ó longo da xornada.

**3 de abril de 1992**

A Escola-Taller de Betanzos e o Colexio Público "Vales Villamarín" celebraron o "Día da Árbore" coa programación de diversas actividades como charlas-coloquio sobre a problemática medioambiental, plantación de árbores e repoboación de fauna nas ribeiras do Mandeo.



**3 o 5 de abril de 1992**

Disputouse estes días no Pabellón Municipal o IX Campeonato de España Junior de Badminton, coa participación dos mellores xogadores nacionais da categoría. O evento estivo organizado pola Federación Española de Bádminton, en colaboración coa Federación Galega, o CB Betanzos e o Concello de Betanzos. Na fotografía, acto de recepción ós participantes na Casa Consistorial.

8 de abril de 1992

Faleceu en Bos Aires Don Ramón González García, Vicepresidente da Fundación "García Hermanos" e neto de Don Juan García Naveira, filántropo e benefactor da cidade de Betanzos. Por tal motivo foi oficiada unha misa na capela da Residencia "García Hermanos" á que asistiron algúns familiares do falecido, o Alcalde Don Manuel Lagares Pérez, así como diversos membros da Corporación Municipal.



9 de abril de 1992

O Alcalde de Betanzos, Don Manuel Lagares Pérez, clausurou o curso de actualización para profesores de ciencias sociais celebrado nestes días pasados no Instituto de Bacharelato "Francisco Aguiar" de Betanzos. Asistiron a este acto o Vicerrector da Universidade da Coruña Don José Soraluze Blond; o Director do seminario e Catedrático de Antropoloxía Social da Universidade da Coruña, Don José A. Fernández de Rota, e diversos profesores de centros estudiantís da comarca.

10 de abril de 1992

O Catedrático de Lingua e Literatura Española, Don José Antonio Miguez, pronunciou na igrexa de Santo Domingo o pregón de Semana Santa. Para remate do acto ofreceuse un concerto de música sacra por parte da Coral Polifónica, dirixida por Don Manuel López Castro e co acompañamento do organista Don José Luis Téllez.



13 de abril de 1992

Tomou posesión o novo concelleiro, Don Manuel Justo Vázquez Miguez.



**24 de abril de 1992**

Nas salas do Edificio Arquivo foi inaugurada polo Alcalde de Betanzos, Don Manuel Lagares Pérez, unha exposición pictórica de "Manos Unidas". Ó acto asistiu o responsable da área de Cultura da Deputación, Don Manuel Regueiro, así como membros da organización benéfica e representantes do mundo da cultura. A organización da exposición contou coa colaboración económica da Deputación e dos 46 artistas que donaron desinteresadamente os seus cadros.

**24 de abril de 1992**

Tomou posesión o xefe da Agrupación de Voluntarios de Protección Civil de Betanzos, Don Amador Cortés Rosende.

**5 de maio de 1992**

Faleceu en Betanzos Don José Bellón Botana, quen como funcionario municipal exerceu diversas labores, entre elas a de coordinador do Matadeiro Público Municipal, sito no barrio da Ribeira. Era persoa moi eficaz e querida por tódolos que o coñecemos. Interesábanlle ademais os asuntos culturais e neste senso ten colaborado con noticias importantes na redacción do Anuario Brigantino. Hai que recordar que acompañou con moita frecuencia a Don Francisco Vales Villamarín nos seus percorridos pola comarca, cousa da que se sentía particularmente orgulloso. Desde o Anuario Brigantino, adicámoslle esta lembranza con agarimo. →

**8,9 e 10 de maio de 1992**

Celebrouse nestes días a VII Festa do Viño de Betanzos na que se comercializaron máis de 10.000 litros de viño. A festa deu comezo coa lectura do Pregón, que este ano correu a cargo do Catedrático de Antropoloxía Social da Universidade da Coruña Don José A. Fernández de Rota y Monter na Aula Municipal de Cultura.

A festa contou, ademais das verbenas de rigor, coas actuacións do grupo de gaitas "Pasiño e da Banda de Música Municipal. Como colofón tivo lugar a cata dos viños presentados a concurso, onde obtivo o primeiro premio o colleiteiro, Don Andrés Gómez Cachaza. A organización da festa correu a cargo da Asociación de Colleiteiros de Viño de Betanzos.



## Pregón da Festa do Viño de Betanzos

Creo que para empezar este pregón sobre nuestro vino de Betanzos, podemos utilizar una idea tomada de uno de nuestros viejos maestros de la cultura europea. Eurípides nos dirá: "Allí donde hay vino, allí hay amor".

Ciertamente el vino de Betanzos, nuestro personaje activo de esta fiesta, es algo emblemático para esta ciudad. Difícilmente podemos pensar en Betanzos sin pensar en sus antiguas iglesias, sin pensar en *as festas de San Roque*, sin pensar en *O Campo da feira e de todos días*, sin pensar en *A Ponte Vella*, sin pensar en los Hermanos Naveira y sus obras como reliquias. Difícilmente podemos pensar en Betanzos sin pensar a la vez en el vino de Betanzos. Es algo esencial en nuestra imagen de la ciudad.

Y es precisamente este carácter suyo emblemático lo que hace al vino de Betanzos bueno con unas cualidades que pocos suelen reunir. Es nuestro vino de Betanzos un vino con sitio. Estamos acostumbrados y cada vez más a exigir en una botella la denominación de origen. Queremos tener constancia de la auténtica comarca en que ha sido confeccionado un vino. La verdad es como todo, que ese vino de esa comarca puede ser bebido en otro sitio. Los vinos más altamente comercializados pueden beberse en cualquier sitio del mundo. Nuestro vino de Betanzos no tiene sólo denominación de origen, sino que tiene, y esto es bien importante, sitio propio donde ser bebido: hay que beberlo en Betanzos.

Por eso nuestro vino de Betanzos, anunciado domesticamente con su ramo de loureiro, nos evoca necesariamente un muy concreto contexto. El contexto de esa pequeña bodega familiar que la casa abría, pensando eminentemente en sus vecinos. Cuando una casa de una calle determinada ponía su ramo de loureiro, los vecinos de la misma calle esperaban su turno y no abría el siguiente su bodega hasta que hubiese acabado el primero. Caballerosa y noble competencia. Cada uno se apresuraba a probar el vino de los otros. No era una pugna comercial, era tan sólo la honrilla, el orgullo de escuchar a sus vecinos alabar su habilidad de artesano y elogiar que como aquel año nunca había salido tan bueno.

En la bodega, cada familia llevaba su merienda, se intercambiaba queixo, empanada o tortilla con la mesa de al lado y se disfrutaba de un lugar de apacible encuentro vecinal. Ambiente hogareño que hace bueno, noble y honestamente bueno, a un vino.

"Allí donde hay vino, allí hay amor" nos decía Eurípides. Si evocamos la más entrañable tradición de nuestro vino pensamos que allí donde hay vino hay amor y palabra y amistad. No en vano nuestros maestros griegos supieron también acuñar una palabra para el encuentro humano hoy empleada en ambientes intelectuales; *simposium* significa beber juntamente. Si los romanos utilizaban la palabra *convivium* -convivir-, los griegos nos harán coger imaginativamente la taza del buen vino que estimula la convivencia y nos hablarán del con-beber.

Que diferente es el aroma de esta noble taza, que lejos nos sitúa de la mala o ambigua fama tradicional del vino. En nuestra cultura europea el pan y el vino juegan el papel de un binomio cargado de añoranzas simbólicas: son los significantes sagrados del banquete eucarístico. Pero el pan es siempre bueno, el pan tiene que ser siempre limpio y todo lo que se relacione con él. En los viejos molinos de Betanzos se prohibía a sus dueños el tener cerdos y en los puestos de venta debía reservarse un área especial, alejada de cualquier producto sucio.

El vino como el amor a pesar de ser sublimados religiosamente, siguen teniendo una fama ambigua. El vino y el amor son peligrosos. Aunque puedan ser santos, difícilmente se cree que lo sean. El pan es la necesidad, la seriedad, la limpieza, la honradez. El vino y el amor esconden la emoción y la fuerza de la pasión. Pueden ir por encima de lo que un hombre habitualmente es capaz de ir. Sin embargo la pasión y la emoción suelen ser más necesarias para vivir que el necesario pan. Nos podemos permitir muchas cosas, pero no nos debemos permitir el vivir sin una noble pasión.

Me reconozco como poco competente catador del sabor del vino. Sí intento por vocación y

profesión ser un digno catador de vida humana y creo que ese es el dulce poso que queda después de apurar la taza del vino de Betanzos. Ese es el aroma con rescoldo hogareño que aporta a nuestra iniciada tertulia.

Forma parte jocosa de un estereotipo rutinario, la consabida anécdota del político que después de preguntar en un mitín a los betanceiros por sus deseos, escucha como respuesta "que suba o pan e baixe o viño". Dejemos a un lado murmuraciones infundadas. Si el vino de Betanzos es palabra y amistad, es símbolo de noble pasión, es amor, si el vino de Betanzos es paradigma de la muy noble, siempre leal y real ciudad de Betanzos, betanceiros, que suba o viño de Betanzos.

*José Antonio Fernández de Rota y Monter*



**7 de maio de 1992**


*No Concello tivo lugar unha reunión da Xunta de Seguridade Local, presidida polo Alcalde, Don Manuel Lagares Pérez.*

**12 de maio de 1992**

*A Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia, coincidindo coa opinión do Goberno Municipal, ordenou o cese de actividades no Matadeiro Municipal de Betanzos, por considerar que as instalacións non cumpren as disposicións de saúde marcadas pola Comunidade Económica Europea.*

**14 de maio de 1992**

*Tivo lugar no Edificio Arquivo a inauguración da "II Mostra Bibliográfica de Betanzos", organizada pola Biblioteca e Arquivo Municipais, presentándose ó mesmo tempo un "Catálogo do Fondo Bibliográfico Betanzos", elaborado por M<sup>º</sup> del Pilar Vázquez Ares coa coordinación de Alfredo Erias. O mesmo día e no mesmo edificio presentouse a XI Mostra de Pintura, Debuxo e Talla da Agrupación "Inzar". Con estes actos deu comezo o programa de actividades elaborado pola*





*Delegación de Cultura e Deportes do Concello de Betanzos con motivo do Día das Letras Galegas, que este ano se adica a Don Fermín Bouza Brey.*



*18 e 22 de maio de 1992*

*Dentro dos actos programados con ocasión do "Premio de Poesía e Relato Curto" convocado polo Instituto de Bacharelato "Francisco Aguiar", e patrocinado polo Concello de Betanzos, Deputación e Dirección Xeral de Política Lingüística, tiveron lugar dúas conferencias que correron a cargo de Don Xosé Ramón Gayoso e Don Alonso Montero. Os premios recaeron en Don Agustín Hermida Castro, primeiro premio de poesía, e en Don Miguel Roma Ruibal, de relato curto.*



**21 de maio de 1992**

Tivo lugar na Aula Municipal de Cultura a presentación do libro de Don Xulio Cuns Lousa "O que non quedou no protocolo", editado polo Concello de Betanzos. A presentación correu a cargo do escritor Manuel María, actuando ó remate a Coral Polifónica de Betanzos.

**22 de abril de 1992**

Dentro da festividade de Santa Rita, patrona dos funcionarios, o Alcalde, Don Manuel Lagares, impíxolle a insignia de Betanzos ó músico recién xubilado Don Manuel Sanmartín Naveira.



**24 de maio de 1992**

Celebrouse a "XI Vuelta Ciclista a la Comarca Brigantina", proba reservada a ciclistas afeccionados, e na que participaron equipos de Galicia e doutras comunidades españolas.

**24 de maio de 1992**

Cunha derrota ante o Gondomar, o Brigantium cerrou unha mala temporada, na que o equipo descendeu a Rexional Preferente.

**4 de xuño de 1992**

A gastronomía de Betanzos logrou un novo éxito ó ser elixida a nosa cidade como un dos pobos de España con máis sabor. A enquisa foi realizada entre multitude de persoas tanto nacionais como estranxeiras, pola revista "Viajes y Vacaciones".

**6 e 7 de xuño de 1992**

Celebrouse no Polideportivo Municipal a fase final da Copa da Raiña de Fútbol-Sala entre os equipos San Francisco Cenavi de Santander, Sampedrotarra de San Sebastián, Meirás de Ferrol e Seur Emitur da Coruña. Proclamouse campión o Seur Emitur ó vencer na final ó equipo do Meirás.

**12 de xuño de 1992**

Organizado por Radio-Coruña, Cadena Ser, e co patrocinio da Deputación Provincial e Concello de Betanzos tivo lugar na Aula Municipal de Cultura un concerto de Amancio Prada.

**14 de xuño de 1992**

Foi elixido como Presidente do Brigantium C. F., Don Andrés Marqués Velo, na Asamblea Xeral de Socios celebrada neste día.





**14 de xuño de 1992**

Caixa Galicia concedeu cerca de 24 millóns de pts. para a construción dunha ponte sobre o río Mandeo (sinatura de D. Manuel Lagares e D. José Luis Méndez o 22 de decembro).

**14 de xuño de 1992**

Baixo a organización do Servizo Municipal de Deportes do Concello, tivo lugar na Praza do Campo a "Festa do Deporte Municipal". A xornada contou coa participación da Escola de Danza, Escola de Deportes de Combate, Escola de Educación Física de Base, Ballet "Druida" e o equipo do INEF de Galicia.

**19 de xuño de 1992**

Na Casa Consistorial tivo lugar unha recepción ó Club "Rotary" da cidade co seu Presidente ó fronte, Don José Luis Lagares Pérez.. Presidiu o acto o Alcalde, Don Manuel Lagares Pérez.





**2 de xullo de 1992**

*Tivo lugar nas dependencias do Museo das Mariñas a inauguración dunha exposición de debuxos e pinturas de D<sup>a</sup> Natalia Jiménez de Cossto. O acto estivo presidido polo Alcalde en funcións, Don Antonio Lagares Pérez, a quen acompañaban outros concelleiros, o director do Museo, Don Alfredo Erias e numeroso público. Fixo a presentación a Doctora en Farmacia Dona María Luisa Couceiro Seoane. No decorrer da mostra, ésta foi visitada o 10 de xullo polo Presidente da Xunta de Galicia, Don Manuel Fraga Iribarne, a quen acompañaban o Alcalde, Don Manuel Lagares Pérez, o Conselleiro de Sanidade, Don José Manuel Romay Beccaría e outras personalidades.*

**26-28 de xuño de 1992**

Tiveron lugar nestes días diversos actos de irmanamento de Betanzos coa localidade francesa de Pont L'Abbé. Con este motivo desplazouse unha Comisión do Concello de Betanzos composta polo Alcalde, Don Manuel Lagares Pérez, e os delegados de Cultura e Emigración, Don Francisco Díaz Pereira e Don Andrés Beade Dopico.

**3 de xullo de 1992**

En asamblea xeral de socios, decidiuse, entre outras cousas, o cambio de nome do club de fútbol da localidade, que de ser Brigantium C. F pasa a denominarse Betanzos CF.



**Xullo de 1992**

No Edificio Arquivo foi inaugurada a mostra "Euroamericana de grabado", en acto que presidiu o Alcalde, Don Manuel Lagares Pérez, contando coa presenza de Don Manuel Regueiro, Deputado Provincial, Don Francisco Díaz, Concelleiro de Cultura, e outras personalidades.

**6 de xullo de 1992**

Desde esta data e ata o 4 de agosto celebrouse a terceira edición da Bienal de Pintura Internacional "Balconadas".

**6 de xullo de 1992**

Tivo lugar no Edificio Arquivo a inauguración do curso "Gráfica 92" no que se impartiron ensinanzas de gravado en distintos materiais. O curso está encadrado dentro da programación académica da Universidade Internacional Menéndez Pelayo, resultado dun acordo asinado entre o Rector desta universidade e o Alcalde de Betanzos, Don Manuel Lagares Pérez. O curso foi dirixido polo artista brigantino, Don Xesús Núñez.



**14 de xullo de 1992**

Deu comenzo neste día un novo ciclo de "Cine na Rúa", que levou a proxección de películas a distintas prazas da poboación. A organización correu a cargo da Delegación de Cultura do Concello de Betanzos.

**15 de xullo de 1992**

O Concello de Betanzos adquiriu un solar-vivenda na zona de Infesta coa intención de rehabilitalo e destinalo a Centro Social.

**17 de xullo de 1992**

Dentro da programación de verán que se desenrolou na cidade de Betanzos, e realizada pola Delegación de Cultura, tivo lugar na Aula Municipal de Cultura a actuación do Ballet Georges Ballanchine.

**21 de xullo de 1992**

Foi adjudicado á empresa Aquagest o servizo de alcantarillado e depuradora de augas residuais por un período de dous anos.



**25 de xullo de 1992**

Unha representación municipal, encabezada polo Tenente de Alcalde, Don Antonio Lagares Pérez, depositou o tradicional ramo de flores ó pé do cruceiro da Cruz Verde, en memoria dos que deron a súa vida por Galicia.

**29 de xullo de 1992**

Betanzos foi escenario do III Festival Folclórico Internacional de Música e Danza (Festiga). Neste festival estiveron representados os folklores de México, co grupo Nayapán; Italia, con Antica Fabaria; Andalucía, co grupo de danza Adolfo de Castro de Unicaja Cádiz, e Galicia, con Lembranzas galegas (Vigo), Brisas da Terra (Santiago), Terra Meiga (Ferrol), Andarela (Vigo), Cantigas e Froles (Lugo) e Lembranza Solpor (Celanova).

**31 de xullo de 1992**

O deportista betanceiro e actual plusmarquista nacional de lanzamento de disco, David Martínez, foi excluído polo COI da participación dos xogos olímpicos de Barcelona, por presentar no organismo altos niveis de testosterona.

**5 de agosto de 1992**

Foi inaugurada no Edificio Arquivo unha mostra de traballos realizados polos alumnos da Escola Taller de Betanzos. Chamaron a atención sobremaneira os xoguetes que posteriormente foron destinados a Escola Municipal "Cocofantes", que fixeron as ledicias dos máis pequenos nos días de agosto en que permaneceu aberta a exposición.



7 de agosto de 1992

Na Sala Capitular do Concello presentouse o Anuario Brigantino 1991, nº 14. O acto estivo presidido polo Alcalde, Don Manuel Lagares Pérez, e estiveron presentes ademais o Delegado da área de Cultura da Deputación Provincial, Don Manuel Regueiro; un representante de Caixa Galicia; o Concelleiro de Cultura, Don Francisco Díaz Pereira; o Director da publicación, Don Alfredo Erias Martínez; diversos membros da Corporación Municipal e gran cantidade de público. A presentación correu a cargo do Catedrático de Filoloxía Románica da Universidade de Santiago e Director do Instituto de Lingua Galega, Don Antón Santamarina Fernández.



10 de agosto de 1992

Na Casa Consistorial tivo lugar a presentación do programa de festas patronais "San Roque 92" polo Alcalde, Don Manuel Lagares Pérez, e o Delegado Municipal de Festexos e Emigración, Don Andrés Beade.





**13 de agosto de 1992**

O Presidente da Xunta de Galicia, Don Manuel Fraga Iribarne, inaugurou este día o Auditorio do Pasatempo. O acto contou ademais coa presenza do Conselleiro de Sanidade, Don José Manuel Romay Beccaría; Conselleiro de Cultura, Don Manuel Barata; Secretario Xeral do PS de G-PSOE, Don Antolín Sánchez Presedo; Alcalde de Betanzos; Don Manuel Lagares Pérez; membros da Corporación Municipal e demais persoalidades.

Logo dos actos protocolarios representouse por parte do Centro Dramático Galego a obra "Un soño de verán", poñendo así o epílogo en Betanzos a unha serie de representacións en distintos lugares de Galicia.

**14 de agosto de 1992**

Cunha multitudinaria asistencia de público, na Praza da Constitución, o Alcalde, Don Manuel Lagares Pérez, coroou á Raíña das Festas, a fermosa e simpática betanceira Yolanda Basteiro





*Sánchez. A continuación, o Catedrático de Ciencias Políticas da Universidade Complutense de Madrid e Presidente da Fundación Europa, Don Enrique Curiel Alonso, pronunciou o Pregón das Festas desde o balcón do Concello. Despois, na Sala Capitular, tivo lugar unha recepción á Raíña, damas de honra e acompañantes, así como ás autoridades presentes. O Alcalde entregou un recordo á Raíña e ós membros da Corte de Honra, a Don Enrique Curiel e, así mesmo, entregou os "garelos 92": en Cultura á Agrupación Musical "Carlos Seijo" na persoa do seu Presidente, D. Juan Suárez Barros; en deporte ó campeón galego de ciclismo de veteranos, D. José Rey Fernández, e en industria á empresa Gayolo-Ford, representada por Don Luis Vázquez Baamonde.*



*D. Juan Suárez Barros*



*D. José Rey Fernández*



*D. Luis Vázquez Baamonde*

## Pregón das Festas

Ilustrísimo Sr. Alcalde, Excm. Corporación Municipal de Betanzos, Estimada Reina de las Fiestas y damas de honor, betanceiros y amigos.

Deseo comenzar expresando mi agradeci-

miento al Alcalde y a todos los vecinos de Betanzos, por la oportunidad que me brindan de poder pronunciar este pregón de la Fiestas de Betanzos en honor de San Roque que año tras año resumen la historia, la tradición y la alegría

de una de las fiestas con más arraigo de Galicia.

Al comenzar estas fiestas de 1992, deseo invocar a nuestro Patrón para que podamos expresar unidos lo mejor de nosotros mismos.

Deseamos expresar en estas fiestas nuestra voluntad de entendimiento y podemos recordar a Eduardo Blanco Amor cuando escribió: "Betanzos, entre sus siglos, sus horizontes, sus ríos y su contigua mar, nos pone entre los dedos la primera y nunca acabada pulsación del espíritu secular de nuestra raza de labranza y navegaciones, que no hizo diferencias entre los surcos oceánicos y los del arado en sus modos de transitar la historia".

Expresamos también nuestra voluntad de reencuentro con amigos, familiares y gallegos que en uno u otro momento, tuvimos que abandonar nuestra tierra para trabajar, estudiar y vivir.

Desde esta voluntad de reencuentro y solidaridad, reivindicamos a Betanzos como un punto de encuentro para todos aquellos que quieran recorrer el próximo año el Camino de Santiago. Como un betanceiro más, no puedo olvidar que esta tierra sirvió de hospital y de santuario a muchos miles de peregrinos que

caminaban hacia Compostela. Llegaban de Ribadeo, venían por Mondoñedo hasta Villalba, muchos escogían la ruta que por Crucero de Loba seguía hacia Irijoa pasando por el monte de San Antón, Lapido, Santiago de Adragonte, Paderne, Obre, llegando a Betanzos por Nuestra Señora de los Remedios, hacia el santuario en el que también conflúa la ruta de El Ferrol, pasando por Fene, Cabañas, Puente-deume, Ponte do Porco, Souto y Tiobre. No podemos olvidar que Fernán Pérez de Andrade fundó el Hospital de San Bartolomé en el siglo XIV, situado en la Rúa Traviesa. Los peregrinos que llegaban a Betanzos dejaron constancia de su gratitud al decir que la actividad de estos hospitales "era muy principal y provechosa para dicha ciudad, por la caridad que en ellos se hacía de uso y costumbre, recogiendo a todos los pobres y peregrinos que a ella venían".

Desde la que fue capital de una de las siete provincias de Galicia, apelamos a todos para que la alegría presida nuestro estado de ánimo en los próximos días. Convocamos a todos los gallegos y a todos los amigos para que estén con nosotros en *Os Caneiros*, definidos por Sofía Casanova como "poesía inefable de mi



tierra divinamente pagana y cristianamente bella".

*Os Caneiros* se han convertido en una convocatoria para exaltar la voluntad de vivir del hombre. El color, el amor, la luz, la música, el vino, la buena comida y la amistad constituyen la mejor expresión y la mejor tradición de Betanzos y de Galicia. A través de *Os Caneiros* manifestamos la vocación lúdica y alegre del gallego, extrovertida y confiada, solidaria y tumultuosa, tan lejana a esa especie de "leyenda negra" que pretende presentar al gallego como un ser reservado y triste.

Reivindicamos desde Betanzos nuestra confianza en el futuro de todos nosotros. Queremos vivir, trabajar, amar y ser amados en paz y en libertad. Invocamos la protección del Patrón San Roque para que todos los que hoy nos reunimos, volvamos a encontrarnos en las fiestas de 1993. Que la magia del Globo de Betanzos nos arrastre a todos en los próximos días. El domingo por la noche colgaremos unidos "el globo de papel más grande del mundo".

Algo de ético y de mágico se funde en esa noche betanceira. Ese globo que se eleva entre la algarabía general durante la medianoche, tiene como misión sagrada estrellarse en el cielo, como expresión de nuestra vocación de sobrevivir. Miremos todos hacia las estrellas en ese momento, acompañemos al globo de Betanzos hasta que se pierda en la noche, como acompañamos a nuestros vecinos y amigos durante las fiestas.

En este instante reiteramos nuestro recuerdo para los inventores del Globo soltado por vez primera el 29 de mayo de 1814, y actualizado por Claudino Pita, ilustre hijo de Betanzos, artesano genial que creó de hecho este famoso aerostato. Claudino Pita no podía sospechar que 120 años después el globo se hubiera convertido en el símbolo de Betanzos. Muchos de nosotros fundimos los recuerdos de nuestra infancia con la memoria del globo.

Con la autorización de la Corporación Municipal proclamo como Pregonero que durante las fiestas queda prohibida la tristeza, la soledad, la morriña, el desamor, el desánimo o el pesimismo.

Queda abolida cualquier forma de pecado, de penitencia y de pena, así como cualquier figura similar o análoga.

Por el contrario, resultará de obligado cum-

plimiento toda convocatoria a la alegría, a la fiesta, a la solidaridad, al reencuentro, al baile, a la amistad, a la comida y a la bebida.

Por ello, y desde la autoridad que me confiere por este año el Ayuntamiento de Betanzos, deseo terminar con esta invitación expresada na nosa lingua, no noso galego,

*Vinde todos a Betanzos,  
Irmás de tódalas terras,  
Vinde todos a Betanzos,  
A gozar das suas festas.*

*Betanceiros de galanura,  
Estar xuntos e na rúa  
Trovando as novas trovas.  
Alegría na alma,  
No corazón a tenrura.  
Zoa o vento polas rías.  
Os ollos brilan ca lúa.  
Soa a gaita con dozura.*

*Vinde todos a Betanzos,  
Irmáns de outras culturas.  
Vinde todos a Betanzos,  
A facer outras feiturás.*

VIVA BETANZOS, VIVA.

*Enrique Curiel Alonso.*



15 de agosto de 1992

Na Praza da Constitución tivo lugar o acto de coroamento da Raíña Infantil das Festas, a fermosa rapaciña Adriana Rey Carro. Recibiu a coroa de mans do Alcalde, Don Manuel Lagares Pérez.



## Función do Voto (16 de agosto) Invocación do Alcalde a San Roque, Patrón da Cidade

Señor San Roque:

Un ano máis, como Alcalde da Cidade, me corresponde a fermosa misión de presentarche esta ofrenda, mostra dun pobo agradecido e proba de recoñecemento a Quen, en momentos difíciles, pola enfermidade e a peste que nos assolaba, nos prestou axuda e protección, feito que non esqueceremos.

Fai máis de cinco séculos que nos tendiches as túas mans e, continuamente, ata hoxe, diches mostras do Teu auxilio, cando mailo necesitamos. Por iso, e a través desta humilde presentación, quero poñer un eslabón máis na cadea iniciada polos nosos devanceiros, e ó tempo que che agradezo tódolos desvelos que lle dedicas ó noso Pobo, prégoche que nos sigas protexendo como sempre fixeche. Neste ano 92 no que tiveron lugar acontecementos tan importantes e que darán paso no próximo 93 á celebración do Xacobeo Galego, no que, tradicionalmente Betanzos tivo tanta importancia no paso dos peregríns, pídoche a Túa mediación para que non se derrame máis sangue inútil por enfrontamentos estériles, e que, a Paz se extenda a tódolos confíns do Universo. Que tódolos betanceiros e galegos teñan unha familia e unha vivenda digna donde se poida desenvolver unha vida de entrega e cariño coma a que Tí tiveches; que se remedien esas lacras sociais da droga, do alcoholismo e do consumismo, que non axudan a unión da unidade familiar tan necesaria para conquistar o equilibrio comunitario; que te ocupes sobre todo, dos que máis te necesitan: dos nenos, para que sempre teñan o cariño e a comprensión que logo poderán transmitir; dos enfermos para que encontren o alivio para as súas enfermidades; dos vellos, para que sexan considerados como se merecen polos seus sacrificios por buscar unha sociedade mellor da que todos disfrutamos e na que desgastaron as súas mellores enerxías e en xeral tódolos colectivos desfavorecidos e marxinados que necesitan especialmente de Ti.

E para rematar, que a Túa xenerosidade permita que tódolos betanceiros e galegos teñamos pan e traballo, e poidamos vivir libremente na nosa terra, sin vernos na obriga de separarnos dela, na procura de buscar outros mundos onde encontra-los, coa rotura da convivencia familiar e o entristecimento dos nosos corazóns por ter que separarnos dos seres que máis queremos.

Que así sexa. Moitas grazas.

*Manuel Lagares Pérez*



**16 de agosto de 1992**

*Ás doce da noite subiu desde a torre de Santo Domingo o centenario globo de San Roque. Os seus 25 metros de altura, 50 de circunferencia e 110 Kilogramos de peso fan del o máis grande do mundo feito de papel. A súa construción e lanzamento corre a cargo da Familia Pita desde o ano 1875.*



**18 e 25 de agosto de 1992**

*Como é tradicional, centenares de lanchas engalanadas cruzaron estes dous días o río Mandeo para chegar ó campo dos Caneiros, onde música, viño e boa comida encheron de ledicia a tódolos que alí acudiron.*

*O día 25 quedou ensombrecido polo incendio dunha embarcación que ocasionou queimaduras a dez persoas que nese momento se atopaban dentro.*



**21 de agosto de 1992**

*En presenza do Alcalde, Don Manuel Lagares Pérez e de numeroso público, tivo lugar na Aula Municipal de Cultura a entrega de premios dos Xogos Florais que se celebraron dentro da programación "San Roque 92". O acto estivo presidido pola Raíña das Festas, Dona Yolanda Basteiro Sánchez e a súa Corte de Amor. O primeiro premio recaeu no escritor pontevedrés Don X. Carlos Gómez Alfaro.*

**23 de agosto de 1992**

*O equipo de fútbol do Fabril impúxose ó Betanzos por dous goles a cero na final do Trofeo San Roque.*



**25 de agosto de 1992**

Na Sala Capitular do Concello, e en acto presidido polo Alcalde, Don Manuel Lagares Pérez, tivo lugar o acto de entrega dos premios "Balconadas 92". A pintora madrileña, D<sup>a</sup> Isabel Uceda sería a gañadora deste ano.

**29 de agosto de 1992**

O Betanzos adxudicouse a V Copa Deputación ó vencer na final ó Rancing de Ferrol na tanda de penaltis, despois de finalizar o tempo regulamentario cun empate a cero goles. O equipo brigantino tivo que eliminar ós equipos de Meirás e Bergantiños para chegar a esta final.

**8-12 de setembro de 1992**

Un grupo de nenos brigantinos menores de 12 anos visitaron a Serra do Caurel, actividade promovida pola Delegación de Cultura do Concello e organizada pola Cooperativa de Educación Medioambiental (CEM)

**5 de setembro de 1992**

O compositor e Director da Agrupación Musical de Pulso e Púa "Carlos Seijo", Don Carlos López García, foi reeleixido Presidente da Asociación Galega de Compositores na asemblea xeral desta asociación.



**6 de setembro de 1992**

Na Sala Capitular do Concello, e baixo a presidencia do Alcalde Don Manuel Lagares Pérez, tivo lugar un acto de recepción ó Orfeón de Gondomar (Portugal). Entre outros, estivo tamén presente o director da Coral Polifónica de Betanzos, Don Manuel López Castro.

*9 de setembro de 1992*

*Foi aberta ó tráfico a Praza do Cristo, despois das obras de remodelación que consistiron na substitución do pavimento e na colocación dun novo cruceiro, en substitución do que antigamente existía.*

*10 de setembro de 1992*

*Apareceu na zona do Carregal un camión coa cabina calcinada polo efecto dun incendio que parece ser foi intencionado. O camión era propiedade de Don Andrés Gómez Beceiro, veciño de Betanzos. Os danos foron avaliados en 12 millóns de pesetas.*



*12 de setembro de 1992*

*Tivo lugar no Concello unha recepción ós participantes do programa "Aventura 92", que dirixe Don Miguel de la Cuadra Salcedo.*

*13 de setembro de 1992*

*Con motivo das festas dos Dolores en Guiliade, elevouse un globo de papel construído polo artesano local Don José Presedo Otero. O globo de 15 metros de alto e 30 de circunferencia, cumpriu este ano o seu 50 aniversario.*



*18 de setembro de 1992*

*Logo dunha recepción no Concello, como homenaxe ós socios do Centro Betanzos de Bos Aires celebrouse na Aula Municipal de Cultura unha velada musical, na que actuaron a Coral Polifónica de Betanzos, a Agrupación Musical "Carlos Seijo" e a Banda Municipal de Betanzos.*

### **Setembro de 1992**

*Son varias as rúas do casco histórico nas que se estiveron realizando obras de pavimentación. Leváronse tamén a cabo traballos de rotulación, tanto na cidade como no medio rural. A realización das placas identificativas das rúas foi realizada en granito por alumnos da sección de cantería da Escola Taller de Betanzos.*



### **20 de setembro de 1992**

*Tivo lugar no Concello unha recepción ó "Coro de Ingenieros Industriales de Madrid".*

### **21-25 de setembro de 1992**

*Con motivo do segundo aniversario da Escola Taller de Betanzos, realizáronse unhas xornadas de portas abertas, que tiveron como finalidade o achegamento á sociedade, e ó mellor coñecemento por parte desta das labours que alí se realizan.*

### **22 de setembro de 1992**

*Nestes días deron comenzo as obras de reforma interior do Edificio Arquivo. O presuposto para tal fin foi duns vinte millóns de pesetas.*

### **30 de setembro de 1992**

*Visitou Betanzos a Gobernadora Civil da Provincia, Dona Pilar Lledó Real, quen foi recibida no Concello polo Alcalde, Don Manuel Lagares Pérez. →*

### **1 de outubro de 1992**

*Foi inaugurada no Edificio Arquivo unha exposición de gravados e debuxos de María Isabel Pintado.*

### **3 de outubro de 1992**

*Celebrouse na Praza de Enrique IV a tradicional festa dos Alborotados ou Festa do Mosto, Iniciouse a xornada festiva coa tracional ofrenda dos produtos da terra á Virxe dos Remedios, para posteriormente levar a cabo o pisado da uva e a degustación do mosto, que este ano estivo ben acompañado por empanada e xamón asado.*



### **Outubro de 1992**

Os brigantinos tiveron a posibilidade de coñecer mellor o seu entorno gracias ó programa de Educación Medioambiental elaborado pola Delegación Municipal de Cultura e Deportes do Concello, en colaboración coa Cooperativa de Educación Medioambiental.

### **Outubro de 1992**

Leváronse a cabo obras de remodelación e acondicionamento do cemiterio de Betanzos por obreiros en paro. Isto foi posible tra-lo asinamento dun convenio entre o Concello de Betanzos e o INEM.

### **15 de outubro de 1992**

Debido á crecente demanda dos usuarios, a Biblioteca Municipal veuse na necesidade de ampliar o seu horario. A partir deste día está aberta ó público de luns a venres de 10 a 13 e de 16 a 20 horas, os sábados de 10,30 a 13 horas do 15 de setembro ó 15 de xuño. E de 10 a 13 horas do 15 de xuño ó 15 de setembro (10,30-13 os sábados).



### **21 de outubro de 1992**

O Alcalde, Don Manuel Lagares Pérez visitou, en compañía doutros concelleiros (entre eles Don Francisco Díaz Pereira, en primeiro plano), a Dona Juana Rosende, con motivo do seu 104 cumpleaños

### **22 de outubro de 1992**

Presentouse na Aula Municipal de Cultura a revista "Avelaíña", editada pola Agrupación Lanzós, e da que é director Don Daniel Martínez García. A publicación está dedicada fundamentalmente a temas culturais e artísticos. O acto de presentación correu a cargo do escritor local Don Xulio Cuns Lousa. →

### **24 de outubro de 1992**

Os compoñentes da especialidade de Medio Ambiente da Escola Taller de Betanzos publicaron "Flora y Fauna en el Mandeo betancero", orientado especialmente ás actividades de recuperación e rehabilitación das marxes do río Mandeo.



**27 de outubro de 1992**

Finalizaron as obras de construción do Centro Social da Ribeira, levantado sobre o lugar que antes ocupaban as instalacións da Cámara Agraria, e que a partir destes días pasou a ser utilizado polos veciños.

**30 de outubro de 1992**

Presentouse na Aula Municipal de Cultura o número 0 do periódico "Betanzos y su comarca", que edita a Asociación de Empresarios de Comercio de Betanzos. A información das súas 32 páxinas é de carácter heteroxéneo, desde información local a comentarios de opinión. A súa tirada é de dez mil exemplares que son repartidos gratuitamente en Betanzos e a comarca. A presentación correu a cargo de Don Antonio Míguez Rodríguez. →



**8 de novembro de 1992**

Neste día saíu con destino ó Betanzos de Bolivia o mozo brigantino Javier Ares García, que realizará un viaxe en bicicleta por América do Sur. O camiño a recorrer será duns 20.000 Kms., realizando unha reportaxe fotográfica polos distintos lugares do recorrido. Levou unha mensaxe do Alcalde de Betanzos, Don Manuel Lagares Pérez ó seu homónimo boliviano. Para esta aventura contou cunha subvención do Concello.

**12 de novembro de 1992**

Sorteáronse na Aula Municipal de Cultura 40 vivendas sociais do polígono da Condesa, unha vez realizados tódolos trámites para a súa adxudicación.



**13 de novembro de 1992**

Foron cedidos en concepto de depósito pola Deputación Provincial ó Museo das Mariñas uns 40 traxes rexionais procedentes da Escola de Danza e orixinarios do Ballet Rey de Viana. O acto de entrega tivo lugar na Sala Capitular da Casa Consistorial con asistencia de Don Salvador Fernández Moreda, Presidente da Deputación e o Alcalde da cidade, Don Manuel Lagares Pérez. Estes traxes permitirán a creación dentro das dependencias do museo duha sala adicada ó traxe. Don Salvador Fernández Moreda aproveitou a súa estancia na cidade para visitar varias obras que se realizan coa colaboración do citado organismo provincial.

**13 de novembro de 1992**

O Conselleiro de Sanidade, o betanceiro Don José Manuel Romay Beccaría, pronunciou unha conferencia sobre "Sanidade en la Comunidad Autónoma Gallega" na Aula Municipal de Cultura. A organización correu a cargo da Fundación Cánovas del Castillo.

**24 de novembro de 1992**

Na Aula Municipal de Cultura tivo lugar unha conferencia sobre Juan de Betanzos a cargo da Doctora en Historia de América e asesora da "Sociedad Estatal V Centenario", D<sup>a</sup> Carmen Martín Rubio.

**25 de novembro de 1992**

A Consellería de Ordenación do Territorio ven de adxudicar o proxecto de construción de aceiras no cruce das Cascas cun presuposto de vinte e un millóns de pesetas.



**2 de decembro de 1992**

Foi inaugurada neste día a piscina municipal climatizada, por parte do Presidente da Xunta de Galicia Don Manuel Fraga Iribarne, que estivo acompañado polo Alcalde de Betanzos, Don Manuel Lagares Pérez, o Secretario Xeral para o Deporte, Don Eduardo Lamas Sánchez, o Conselleiro de Sanidade Don José Manuel Romay Beccaría, e demais persoalidades. O Presidente da Xunta recordou que a súa construción foi posible gracias ó acordo e colaboración da Xunta de Galicia, Consello Superior de Deportes e Concello Betanceiro.

**4 de decembro de 1992**

Cunha inversión de 22 millóns de pts., comenaron as obras de reparación do antigo edificio do Mercado Municipal de Betanzos financiadas pola Xunta de Galicia e o Concello de Betanzos..


**4 de decembro de 1992**

Foi aprobado na Comisión Provincial de Urbanismo, presidi-  
da polo Subdirector Xeral de Urbanismo e Medio Ambiente, Don Enrique Acuña, o Plan Especial de Protección e Ordenación do Casco Histórico de Betanzos. Á sesión asistiu o Alcalde de Betanzos, Don Manuel Lagares Pérez, acompañado dos técnicos redactores do proxecto, Don Andrés Albalat e Don Carlos Meijide.

**Decembro de 1992**

Nun acto celebrado nos salóns do Hotel Riazor da Coruña, e con motivo da conmemoración do "Día do Voluntario", polo Presidente da Cruz Vermella de Galicia, D. Pedro Martínez, foille imposta ó noso conveciño, Don Marcelino Álvarez López, a Medalla de Prata daquela institución. →





*10 de decembro de 1992*

*Iniciáronse as obras de rehabilitación do edificio do antigo Hospital de San Antonio. As obras dependen do Ministerio de Xustiza, a quen lle cedeu o Concello o edificio para xulgados.*


*16 de decembro de 1992*

*A Delegación Municipal de Cultura e Deportes editou un variado programa de actividades para as festas do Nadal, con representacións teatrais, festivais infantís, actuacións musicais, etc.*



*21 de decembro de 1992*

*No Museo das Mariñas tivo lugar inaugurouse o conxunto expositivo adicado ás antigas escolas e, dun xeito especial, ós Irmás García Naveira. O acto estivo presidido polo Alcalde, Don Manuel Lagares Pérez, quen entregou ós membros da familia dos filántropos un recordo. Entre as diversas personalidades presentes, estaba Don Antón Costa Rico, Director do I.C.E da Univ. de Santiago.*



ESTE ANUARIO BRIGANTINO 1992  
REMATOUSE DE IMPRENTAR  
NO PRELO DE LUGAMI EN  
BETANZOS O 31 DE  
XULLO DE 1993